



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, INTEGRADAS DENTRO DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLUÍDAS NA AMPLIACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA

CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.- Examinadas as bases e a convocatoria e vista a resolución da concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura de data 26 de abril de 2021, pola que se aproba a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e se determinan as datas para a constitución do Tribunal e do primeiro exercicio do proceso selectivo convocado, a Presidenta declara validamente constituído o Tribunal.

VALORACIÓN DE MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO.- Reunido o Tribunal Cualificador o día 03 de maio de 2021, procedeuse á valoración dos méritos alegados e xustificados polas aspirantes na fase de concurso, segundo o baremo establecido na base específica cuarta das bases da convocatoria, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 34, de 19 de febreiro de 2021, co seguinte resultado:

APELIDOS, NOME	NOTAS
BARCIELA BALADO, CLARA	9,7
CÓRDOBA DÍAZ, CELIA	8,3
DURÁN PENABAD, ANA	8,7
POLO PUIG, BEATRIZ	8,7
PORTELA SABAJANES, MARTA	6

EXPOSICIÓN DAS PUNTUACIÓNS OUTORGADAS NA FASE DE CONCURSO.- O Tribunal Cualificador, en cumprimento do disposto na base xeral 13ª da convocatoria, dispón que se expoñan as puntuacións outorgadas mediante a súa publicación no taboleiro de edictos da Casa do Concello e, de xeito complementario, na sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), antes do comezo do primeiro exercicio da fase de oposición.

REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO.- De conformidade co establecido na resolución da concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura de data 09 de febreiro de 2021, o primeiro exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio, **consistente en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 20 preguntas**, relativas a todos os temas do programa establecidos na base oitava das específicas da convocatoria, durante un período de 30 minutos e determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio, terá lugar o día **07 de maio de 2020, ás 12:00 horas, na Sala Liñares, sita no primeiro andar do edificio municipal Casa Azul, situado na rúa de Sor Lucía.**

O que se fai público para xeral coñecemento dos aspirantes admitidos.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Secretaria do Tribunal

